

III ENCONTRO DE XOVES INVESTIGADORES EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Vitoria-Gasteiz, do 13 ao 16 de setembro de 2011

CONVOCA:



ORGANIZA:



Primeira circular

OBXECTIVOS DO ENCONTRO

O III Encontro de Xoves Investigadores en Historia Contemporánea da AHC, seguindo o precedente das reunións celebradas en Zaragoza e Granada, ten como obxectivo primordial crear un espazo de diálogo e debate entre xoves doutores, bolseiros, licenciados e investigadores en xeral, o fin das súas respectivas investigacións en curso e recentemente finalizadas.

O modo de participación será semellante a anteriores convocatorias. Os comunicantes poderán presentar tanto resúmenes e/ou conclusións de proxectos de investigación como *papers* sobre traballos en concreto. Así mesmo o III Encontro adoptará unha estrutura de “talleres –seminarios”, nos que haberá un moderador encargado de facer unha relación das comunicacións recibidas, elaborar un breve estado da cuestión e propiciar un debate historiográfico aberto, enriquecedor e fluído. Os talleres suscitados e os seus respectivos contidos son os seguintes:

TALLERES-SEMINARIOS

1.-Historia de mulleres e de xénero.

Nesta sesión de traballo terán cabida todas aquelas investigacións que teñan como denominador común o estudo da historia das mulleres e de xénero, abordada dende diferentes enfoques historiográficos e metodolóxicos. Os textos dirixidos a esta mesa poderán abarcar aspectos como a mobilización política, o asociacionismo, o mundo do traballo e a vida cotiá ou a construción de identidades.

2.- Relixiosidade e laicismo.

A mesa estará aberta a todos os ámbitos relacionados co feito relixioso durante a contemporaneidade. Polo tanto, os contidos temáticos comprenderán as formas de crenza e espiritualidade, así como o análise das polémicas e enfrontamentos desenrolados en relación ó conflito entre catolicismo e laicismo.

3.- Nacionalismo e identidades territoriais

Nesta mesa intégranse comunicacións que tratan de estudar tanto os movementos rexionalistas e nacionalistas (dentro de España e fóra dela), como as que propoñan un marco teórico/metodolóxico máis xeral para estudar os fenómenos. As propostas que abarcan o proceso de construción de identidades poden basearse en aspectos diferentes, como discursos, prácticas e mobilizacións.

4.- Historia da cultura.

Recolleranse aquí as comunicación e o debate sobre os aspectos que tradicionalmente abordou a historia cultural, asumindo a complexidade dunha definición axeitada. Por tanto, incluíranse nesta mesa as aportacións relacionadas coas diferentes producións artísticas, os medios de comunicación, os intelectuais, a lectura e a edición, as políticas culturais, o patrimonio, as transferencias culturais ou a sociabilidade relacionada coas diversas prácticas culturais.

5.- Historia social

Nesta mesa terán cabida as comunicación que aborden temáticas referidas á historia social nun sentido amplo. Para ser máis explícitos, a finalidade deste taller será debater ó redor das relacións no mundo do traballo, os “novos” movementos sociais, a sociabilidade, o asociacionismo en diferentes ámbitos, a conflictividade laboral ou a protesta social.

6.- Historia urbá

Nesta mesa terán cabida os estudos relacionados coa modernización das cidades. As comunicacións presentadas podrán recoller investigacións sobre os diferentes procesos de transformación da mesma nun sentido demográfico, urbanístico, político, económico, social ou cultural.

7.- Historia rural

Os estudos sobre a sociedade rural constituirán a base desta mesa. Polo tanto terán cabida nela os traballos que aborden o análise da socialización e modernización política do ámbito rural. Así mesmo abarcará propostas sobre a investigación medioambiental na relación aos cambios dos sistemas agrarios e aos conflitos ambientais polos recursos durante a contemporaneidade.

8.- Biografía, prosopografía, elites

O comité organizador decidiu dividir para esta ocasión a habitual mesa de historia política co obxectivo de realizar uns debates o máis produtivos posibles e evitar unha mesa demasiado heteroxénea. Neste caso, terán cabida todas aquelas comunicacións cuxo propósito sexa o análise dos actores da historia política contemporánea na súa dimensión biográfica e prosopográfica.

9.- Culturas políticas

Nesta mesa acollerá tódalas comunicacións que aborden o estudo das culturas políticas dende tódolos enfoques e metodoloxías. A temática comprenderá o estudo das regras compartidas do comportamento político, centrándose non só nas visións clásicas sobre os partidos e agrupacións políticas ou dende o prisma da historia do discurso, senón tamén estudando as súas prácticas simbólicas e rituais ou as transferencias culturais.

10.- Violencia política

Nesta mesa preténdense recoller tódalas reflexións teóricas e metodolóxicas acerca deste fenómeno que coñecemos como violencia política e o seu repertorio de expresións (dende o control social á eliminación física), tendo en conta que o uso da violencia como método de asalto ao poder, de cuestionamento dos cimentos do Estado ou o seu emprego por parte dos estados para conter a disidencia, xeneralizouse dende a irrupción das masas na esfera pública.

11.- Historia do presente

A mesa pretende recoller investigacións en curso de xóvenes investigadores que traballen utilizando algún dos parámetros da historia do presente. A idea é potenciar a mirada dos contemporaneístas sobre a historia e o tempo vivido arredor de vectores como as fontes orais e a memoria e/ou temas ligados ao pasado recente. Desta maneira, integraranse neste taller comunicacións non necesariamente circunscritas ao ámbito hispano.

12.- Historia económica

Este taller encargarase de recoller aqueles traballos que teñan como obxecto de análise a historia económica no seu sentido máis amplo, dende diferentes metodoloxías ou enfoques. Son interesantes para esta mesa traballos sobre os diferentes sectores económicos, sobre a historia do transporte e as comunicacións, sobre a idea do crecemento ou sobre a historia do pensamento económico.

13.- Historia das relacións internacionais

Esta mesa estará composta por todas aquelas comunicacións que se centren na política exterior de España, así como aquelas que aborden as relacións internacionais. Así mesmo, incluíranse os traballos dedicados ao estado actual das investigacións nesta área e os debates sobre as súas perspectivas e obxetivos de futuro.

14.- Historiografía, metodoloxía, fontes

Os propósitos desta mesa pretenden realizar unha reflexión en torno aos problemas derivados do oficio de historiador. Para elo utilizaranse textos sobre a historia da historiografía, análise da metodoloxía e das fontes utilizadas. Así mesmo prestarase atención ás interrelacións e aspectos contraditorios entre a historia e a memoria.

PROPOSTAS DE COMUNICACIÓN

Para aqueles investigadores que desexen participar no III Encontro abriuse un prazo de preinscrición para recibir propostas de comunicación.

Estas terán unha extensión máxima de 3.000 caracteres (*times new roman* 12; espazo 1,5), e deberán conter o nome do autor/a, o título e resumo da súa comunicación, e o taller-seminario ao que desexan ser adscritos.

Dito **prazo de preinscrición rematará o 31 de xaneiro de 2011**. Unha vez recibidas tódalas propostas, abrirase un novo prazo para o envío dos textos definitivos e a inscrición ao III Encontro.

O envío dos resumos realizaranse ao correo electrónico deste III Encontro: jovenesinvestigadores2011@gmail.com (a organización comprométese a comunicar a recepción dos mesmos).

OUTRAS INFORMACIONES

Non é imprescindible o envío dunha comunicación para asistir ao Encontro.

A cota de inscrición será de 30 euros. A mesma incluíra os materiais correspondentes, as comidas dos días 14 e 15, así como as actividades culturais que se organicen.

As comunicacións serán publicadas en soporte electrónico.

A organización do Encontro informará acerca do aloxamento en Vitoria-Gasteiz.

Toda a información acerca do Encontro estará dispoñible no blog <http://jovenesinvestigadores2011.blogspot.com/>